PLASMAFÉRESE

¿POR QUE É IMPORTANTE A PLASMAFÉRESE?

O plasma non se pode fabricar e obtense unicamente das doazóns voluntarias dos doantes.

O plasma utilizase nos hospitais para transfundilo aos doentes e para realizar tratamentos específicos con medicamentos hemoderivados.

Estes medicamentos especiais adminístranse aos doentes que precisan algunha das proteínas do plasma, e soamente poden obterse das doazóns de outras persoas.

¿SON NECESARIAS MÁIS DOAZÓNS DE PLASMA EN GALICIA?

A crecente demanda de tratamentos con medicamentos hemoderivados nos hospitais galegos fai necesario aumentar as doazóns altruístas de plasma en Galicia.

¿SON IMPORTANTES OS MEDICAMENTOS HEMODERIVADOS?

Os tratamentos con estes medicamentos especiais realízanse nos hospitais galegos para doentes con enfermidades graves e sen tratamentos alternativos.

Os medicamentos hemoderivados son terapias imprescindibles para o tratamento de numerosas enfermidades como trastornos da coagulación e enfermidades do sangue, doentes con inmunodeficiencias (enfermidades que causan defensas baixas), enfermidades graves do ril, do fígado e do sistema nervioso, como síndrome de Guillain-Barré, miastenia gravis ou enfermidades desmielinizantes inflamatorias.

Algúns destes medicamentos hemoderivados son:

- **Inmunoglobulinas:**
  - tratamento para doentes inmunodeprimidos que non teñen defensas e hai que darlles os anticorpos (defensas) doados polos doadores para que non adquiran infeccións graves.
  - Para enfermidades autoinmunes (as defensas atacan o noso propio corpo): a estes doentes hai que aportarlles anticorpos sans doados polos doadores para que non lles produzan a súa enfermidade.
- **Factor VIII e Factor de von Willebrand:** tratamento de pacientes con Hemofilia A e enfermidade de von Willebrand, para evitar sangrados.
- **Albúmina:** para pacientes con enfermidades hepáticas graves e para reanimación de pacientes críticos en UCI.
- **Alfa-1 antitripsina:** enfermidade respiratoria grave que dana os pulmóns e da que hai moitos casos en Galicia.

RELACIONADO

Programa Plamaférese: doa plasma

Locais de doazón

¿COMO SE OBTEÑEN OS MEDICAMENTOS HEMODERIVADOS CO PLASMA DE DOANTES DE GALICIA?

Os medicamentos hemoderivados obtéñense mediante un proceso que se chama fraccionamento do plasma. Despois distribúense dende a Axencia de Doazón para seren administrados aos doentes nos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde.

¿EXISTE ALGÚN PLAN PARA OBTER MÁIS PLASMA E TRATAMIENTOS HEMODERIVADOS?

O Plan Estratéxico Nacional para a Autosuficiencia en Plasma Humano (PENAP) ten como obxectivo dar a coñecer a doazón por plasmaférese e aumentar a cantidade de plasma obtido con doazóns voluntarias e altruístas, tal como aconsella a Organización Mundial da Saúde.

É importante que máis persoas sexades doantes de plasmaférese.

SON DOANTE, ¿PODO REALIZAR PLASMAFÉRESE?

Podes doar plasmaférese se es doante de sangue y tes entre 18 e 70 años, pesas máis de 50 Kg y tes bo acceso venoso.

O proceso ten unha duración aproximada de 30 a 40 minutos e realízase nun equipo de separación estéril dun só uso.

Podes consultar ao teu médico da unidade móbil de doazón como obter unha cita para doar plasmaféresis.

¿ONDE PODO DOAR PLASMA?

A doazón de plasmaférese pódese realizar nos Locais de Doazón permanente nas 7 cidades galegas.

Nas cabeceiras de bisbarra de Galicia tamén se establecerán puntos itinerantes de doazón de plasma.